PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
31 OUT. 2018
Núm. 12079

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 8 de novembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único: Preguntas

1.1 32298 (10/POC-006184)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pierres López, María Luisa
Sobre os datos referidos ás parcelas vendidas no polígono industrial de Castiñeiras, situado no concello de Bueu, as condicións exixidas para a execución das obras de construción das naves e os mecanismos da Administración autonómica para o control posterior dos adquirentes

1.2 35258 (10/POC-005567)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para garantir a suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de refugallos nucleares preto da costa galega, as garantías que ten da inexistencia de riscos para a saúde humana, o medio mariño e o tráfico marítimo, así como os informes solicitados respecto disto ao Goberno central e a organismos europeos nos últimos cinco anos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 353, do 06.09.2018

1.3 38347 (10/POC-006040)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis
Sobre o proxecto da Autoridade Portuaria de Vigo para usar os terreos da empresa Duchess e do cargadoiro de mineral de Rande como almacén de contedores, a opinión do Goberno galego referida á necesidade de desenvolver mecanismos de protección dese cargadoiro como elemento do patrimonio histórico industrial e o impacto dese proxecto para os habitantes da zona e a mobilidade dun núcleo urbano contiguo, así como o estudo da posibilidade de trasladar ese almacén a algún espazo de uso industrial da área urbana de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
31 OUT. 2018
Núm. 12079

1.4 38358 (10/POC-006042)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a función dos indicadores de execución do punto 7.5 da liña estratéxica 7 do Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021, referido á garantía dun servizo continuado de seguridade e plans de asistencia sanitaria e de emerxencia no Camiño, as razóns do Goberno galego para non ter información ao respecto e o prazo previsto para ese fin, así como as actuacións concretas levadas a cabo para o seu cumprimento e os resultados dese plan
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018

1.5 38580 (10/POC-006059)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Chao Pérez, Luca
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación laboral das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos, así como as medidas que vai adoptar para mellorala
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018

1.6 38667 (10/POC-006065)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre a confirmación ou o rexeitamento pola Xunta de Galicia das afirmacións reflectidas no informe oficial remitido pola compañía Atalaya Mining á Bolsa de Londres referidas ao apoio polo Goberno galego do seu proxecto mineiro nos concellos de Touro e do Pino

1.7 38729 (10/POC-006078)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis
Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido ao impulso da política de consolidación, promoción, difusión e protección da marca Artesanía de Galicia como imaxe única do sector artesanal galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

1.8 38814 (10/POC-006094)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego referidas á demanda ao Goberno central da asunción das contías precisas para o cumprimento das sentenzas

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
31 OUT. 2018
Núm. 12079

xudiciais relativas aos suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica de 2013, o estado dos recursos legais presentados pola Xunta de Galicia e da negociación política co Goberno central ao respecto, así como as actuacións que vai levar a cabo diante da vulneración das competencias galegas en materia de tributación e as súas intencións en relación coa modificación da súa política fiscal no que atinxe á produción de enerxía

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 31/10/2018 14:08:48